



PREGUNTAS FRECUENTES. PROCESOS SELECTIVOS EXTRAORDINARIOS DE ESTABILIZACIÓN DERIVADOS DA LEY 20/2021, DE 28 DE DECEMBRO. INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA.

Neste apartado preténdese responder as dúbidas poden xurdir durante o prazo de presentación de solicitudes. Este documento ampliarase, de ser necesario, durante o transcurso do proceso.

1.- Solicitudes

- No caso do proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso, para o ingreso nas categorías de técnico superior, técnico medio, oficial administrativo e auxiliar administrativo de persoal laboral fixo do Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe), no modelo de solicitude que figura como anexo I da convocatoria deberá consignarse a categoría á que se presenta no cadro que figura inmediatamente despois do encabezamento do escrito:

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO POLA QUENDA DE ACCESO LIBRE E MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO, PARA O INGRESO NAS CATEGORÍAS DE TÉCNICO SUPERIOR, TÉCNICO MEDIO, OFICIAL ADMINISTRATIVO E AUXILIAR ADMINISTRATIVO DO INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE) (indicar categoría):



- O modelo PR004A deberá dirixirse ao Igape, achegando a documentación que proceda de acordo coa correspondente convocatoria e as súas correccións de erros.
- No que atinxe á acreditación do cumprimento de requisitos contidos nos apartados I.2.5 e I.2.6 das convocatorias, no momento da presentación da solicitude bastará con achegar unha declaración responsable de que cumpren ambos requisitos. Na web do Igape publicarase un modelo, de utilización voluntaria. Isto sen prexuízo de que as persoas aspirantes que superen o proceso selectivo deban acreditar documentalmente os requisitos quen proceda nun momento posterior, de acordo co que establecen as bases e as súas correccións.

2.- Pagamento da taxa

Para o pagamento da taxa, a persoa interesada deberá acceder á Oficina Virtual Tributaria da Axencia Tributaria de Galicia <https://ovt.atriga.gal/inicio> e, seguindo a ruta *Cidadáns > Pago telemático de taxas e prezos > Iniciar taxa*, optar por:

- o un pagamento telemático, que xeraría un modelo 730,

- ou un pagamento presencial, que xeraría un modelo 731, a ingresar na entidade bancaria.

En calquera das opcións, o sistema ofrece despregables para elixir os datos para o pagamento. Para os procesos selectivos do asunto, os datos a consignar serán:

Consellería: 08 ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

Delegación: 13 SERVICIOS CENTRAIS

Servizo: 12 INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Taxa: 300302 INSCRIPCIÓN NAS OPOSICIÓN PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

Obxecto de pagamento: CONCURSO/ CONCURSO-OPOSICIÓN PERSOAL IGAPE.

Datos do Pago: Incluirase o importe que proceda de acordo coa convocatoria, en función da categoría á que se presente

Unha vez cubertos os datos anteriores, a plataforma pasa a unha nova pantalla na que se deben consignar os datos identificativos da persoa que realiza o pagamento. A continuación o sistema ofrece a opción de pagamento telemática ou de descargar o modelo de autoliquidación para efectuar o pagamento de forma presencial nunha entidade financeira colaboradora. En calquera dos dous casos, a persoa interesada obterá un xustificante que, de acordo coa convocatoria e as súas correccións, deberá achegar coa súa solicitude.

Tamén existe a opción de pagamento presencial a través do impreso de autoliquidación –modelo AI–, descargable en branco na mesma Oficina Virtual Tributaria da Axencia Tributaria de Galicia <https://ovt.atriga.gal/inicio>, cubriilo manualmente cos datos antes indicados e acudir presencialmente a calquera das entidades financeiras colaboradoras na recadación das taxas e prezos da Comunidade Autónoma de Galicia para o seu aboamento.

De acordo coas correccións de erros publicadas, non se admite o pagamento por medio de transferencia bancaria.